

## Comisións de servizo para postos de escolarización de alumnado de atención preferente.

A Consellaría presenta a orde dicindo que se trae á Mesa porque así se reclamou nalgunha Xunta de Persoal. Efectivamente foi unha demanda da **CIG-Ensino** nas Xuntas de Persoal, pois desde o sindicato entendemos que esta orde debe ser tratada todos os anos para realizar as actualizacións pertinentes e convocar as prazas necesarias, tal e como reclamamos na Mesa.

A **CIG-Ensino** considera que esta orde chega tarde e sen a información necesaria para saber se as prazas que se convocan son as necesarias e suficientes. Por este motivo reclamamos que a orde quede sobre a mesa e:

1. Que se envíe a todos centros para que teñan coñecemento de que se teñen alumnado escolarizado con NEE susceptible de requirir un docente específico para atendelo, poden solicitar acollerse a esta orde.
2. Que se recollan e teñan en conta as propostas dos Equipos de Orientación Específica (EOE). Temos coñecemento de que hai prazas que foron informadas favorablemente e non aparecen e viceversa.

En concreto citamos, como exemplo, algúns casos: ausencia do IES de Mos, unha praza compartida en Sobrado dos Monxes e Toques, cando pola propia natureza destas prazas teñen que ser de dedicación completa ou outros nos que ten que quedar claro que as prazas ofertadas deben ser a maiores do catálogo, como en Fonte escura, etc.

A **CIG-Ensino** esixe que se expliquen os criterios empregados para decidir en que centros se convocan prazas e cales non ou por que desaparecen prazas que se ofertaron no 2010. A Consellaría responde que a proposta está realizada polos servizos territoriais, aplicando criterio restritivo (por exemplo que estea acreditada a continuidade do alumnado). Din que os informes de EOE non son vinculantes. Tamén afirman que as prazas non teñen por que ter relación co 2010, porque

están orientadas a alumnado moi concreto e pasaron 7 anos. En todo caso a Consellaría manifesta que estudará as propostas que lle achegemos, mentres non se publique no DOG a orde.

### Propostas da CIG-Ensino ao articulado

- Modificar o enunciado, pois está excluído o profesorado en prácticas.
- Comisión: debера estar conformada tamén con persoal dos EOE e orientadores/as que son os que teñen o perfil máis acaído.
- Apartado 5.3: que se respondan todas as reclamacións expresamente.

### Propostas da CIG-Ensino ao baremo:

- Debérase establecer un certo equilibrio entre antigüidade e servizos, limitando a puntuación tamén no apartado de antigüidade. Aceptado pola Consellaría.
- Consideramos que, igual que se ten en conta a formación, tamén se deberían incluír publicacións relacionadas coa especialidade. E que se muden os criterios de desempate, aplicándoos na mesma orde en que figuran no baremo.
- En canto ás titulacións propoñemos incrementar ao dobre a puntuación das titulacións relacionadas coa especialidade e reducir á metade a puntuación cando non teña relación. A Consellaría acepta esta proposta.
- Prazos: que se manteña o prazo de reclamación de 5 días hábiles.

A **CIG-Ensino** manifestou a súa preocupación polo uso que se pode estar a facer da atención

Rematamos esixindo que esta orde se traia todos os anos á mesa sectorial, para tratar as modificacións que se produzan e as necesidades que haxa. A Consellaría responde que non se comprometen a manter unha periodicidade anual, mais si a incremental.